

**8.- Apertura das ofertas.**

- a) Entidade: Centro de Servicios Municipales  
b) Domicilio: Ronda Muralla 197- 3ª planta  
c) Localidade: Lugo  
d) Data: 22-08-2012

9.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

10.- Gastos dos anuncios: 108,16 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

11.- Data de envío de anuncio ó Diario Oficial das Comunidades Europeas: 11 de xullo de 2012

Lugo, 11 de xullo de 2012.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA Sonia Mendez García

R. 3119

---

**MONTERROSO***Anuncio*

No BOP de Lugo de 23 de maio de 2012 publicouse anuncio relativo ó deslinde do Camiño Público coñecido como "camiño da casa do Arrendatario" que discorre *colindando coas parcelas do antigo catastro nº 475, 476, e 486 do polígono 60 do catastro de rústica de Monterroso*, logo do acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello de 9 de maio de 2012, en exercicio das competencias delegadas polo Pleno.

A mesma Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria realizada o día 9 de xullo acordou modificar o acordo de 9 de maio no relativo ó día **fixado para inicio das operacións de deslinde que será o día 10 de setembro de 2012, ás 10:00 horas**, en San Pedro de Frameán, parcelas 778, 801, 800 e 486 do polígono 60.

O que se publica en cumprimento do establecido no artigo 61 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Monterroso, 11 de xullo de 2012.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas

R. 3120

---

**A PASTORIZA***Anuncio*

O Pleno desta Corporación en sesión de data 26 de maio de 2012 aprobou inicialmente o Regulamento da Escola Municipal de Teatro do Concello da Pastoriza.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da citada Lei, procédese a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

**REGULAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DO CONCELLO DA PASTORIZA.****Artigo 1 ÁMBITO DE APLICACIÓN**

A Escola Municipal de Teatro da Pastoriza crease a iniciativa do Concello da Pastoriza como parte dos servizos culturais da localidade, coa finalidade xeral de impulsar e potenciar a formación teatral e artística, así como a capacidade creativa dos nosos veciños, sen máis limitacións que as que impoña o número de prazas dispoñibles en cada curso.

Con este regulamento preténdese establecer unha normativa mínima que rexa o seu funcionamento xeral e que permita obter os resultados desexados.

**Artigo 2 SEDE**

A sede da Escola Municipal de Teatro será itinerante pasando por cada unha das parroquias do Concello. Cada curso a sede situarase no local social dunha parroquia do Concello.

### **Artigo 3 DEPENDENCIA ORGÁNICA**

O órgano da administración competente para a xestión da actividade e para administración dos medios económicos, será a alcaldía ou concelleiro delegado de cultura, se existira, isto sen prexuízo das competencias que por lei lle correspondan ao Pleno e a Xunta de Goberno Local.

### **Artigo 4 Organización DAS ENSINANZAS**

A clases terán unha duración de nove meses de outubro a xuño, ambos incluídos.

Para traballar os contidos anteriores e acadar os obxectivos xerais da Escola distribuírase o alumnado en tres ciclos:

- Ciclo infantil para nenos/as entre os 6 e 12 anos
- Ciclo xuvenil de 13 a 16 anos
- Ciclo de adultos, para rapaces e adultos a partir dos 16 anos

Para todos os ciclos o horario será de dúas horas semanais, fixarase ao inicio de cada curso atendendo as necesidades dos alumnos.

A organización das clases e das ensinanzas, a asignación de funcións aos alumnos e demais pormenores serán labores propias asignadas ao responsable da escola quen deberá render unha memoria anual do funcionamento, así como a previsión de gastos para as clases e montaxes escénicas.

O número de alumnos por ciclo no poderá ser maior de 15, garantindo así a calidade das ensinanzas.

Ao finalizar o curso cada ciclo finalizará coa representación dunha obra de teatro que se escenificará nunha función no mes de xuño, sen prexuízo de que poda representarse de novo dentro de algún programa cultural que organice o concello ou outras entidades.

### **ARTICULO 5. inscrición e admisión**

Poderán solicitar a súa inscrición na Escola municipal de Teatro aquelas persoas, de calquera idade, empadroadas no Concello da Pastoriza, no caso de quedaren prazas libres, poderán acceder os de fóra do municipio.

A inscrición na Escola municipal de Teatro realizarase no mes de setembro. O Concello encargarse de facer público coa debida antelación os prazos de solicitudes e matriculas, sendo expostos así mesmo nos taboleiros de anuncios do Concello e da Escola.

As persoas interesadas deberán presentar nos prazos establecidos a solicitude de inscrición, segundo modelo anexo, xunto coa copia do DNI e xustificante de empadramento. Non se admitirán solicitudes realizadas fóra dos prazos preestablecidos.

A obtención de praza comunicarase unha vez rematado o prazo de inscrición, debendo as persoas admitidas formalizar a correspondente matrícula

As persoas admitidas que non formalicen a matrícula no prazo establecido, considerarse que causan baixa con perda de todos os dereitos.

Terán preferencia as persoas inscritas en anos anteriores, o resto das admisións realizaranse por orde de presentación das solicitudes. As persoas interesadas que non obtivesen praza quedarán incluídas nunha lista de espera coa que se cubrirán as posibles baixas

Rematado o proceso de matrícula, no caso de que quedaran prazas vacantes poderanse cubrir aquelas de acordo coas listaxes de espera, en caso de habelas, e se non atendendo ás peticións de posibles alumnos que non realizaran o proceso previo de inscrición

Do total de prazas reservaranse un mínimo de dúas para casos de urxencia social, entendéndose como tal aqueles supostos de situacións de risco, desamparo ou exclusión social debidamente acreditadas. As devanditas prazas ocuparanse previa proposta e informe favorable dos servizos sociais.

### **Artigo 6. Deberes dos alumnos da Escola**

Son deberes dos alumnos da escola municipal de teatro:

1. Asistir ás clases e participar nas actividades da Escola. Por iso, deberán avisar con antelación da ausencias que se podan prever, especialmente si se trata de ensaios ou actividades de igual consideración.

Tres faltas sen xustificación nun mes poderán supoñer a expulsión.

2. Colaborar naquelas cuestións relacionadas coa preparación da representación aínda que non correspondan co papel que teñan asignado ou non pertencen ao curso que as realiza.
3. Respetar as normas de convivencia dentro do centro docente, deber que se concreta en obrigas como
  - Respetar a liberdade, dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da escola
  - Non discriminar a ningún membro por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
  - Participar na vida e funcionamento da Escola.
  - Coidar e utilizar correctamente os bens, mobles, materiais e as instalacións da Escola e respectar as pertenzas dos outros membros da Escola.
  - Observar as indispensables normas de aseo e hixiene.
  - Manter o orden durante as clases e ensaios e dentro das instalacións da Escola .
4. Axudar ao sostemento da Escola mediante o pago da matrícula e cota por alumno e mes que o Concello establecerá e regulará na correspondente ordenanza fiscal. Os ditos pagamentos inclúen o custo do material e persoal docente.

#### DISPOSICION FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor, unha vez que a súa aprobación sexa definitiva, e transcorrido o prazo de quince días contados desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia de Lugo.

Concello da  
Pastoriza



Praza de Galicia, 1 27287 - A Pastoriza  
Tfno. 982 33 21 97 Fax: 982 33 22 33  
e-mail: cultura@concellodapastoriza.es

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NA  
ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO**

CURSO .....  
Concelleria de Cultura

Inscripción

Núm.:

Data:

INTERESADO/A	apelidos:		nome:		
	DNI:		DATA DE NACEMENTO:		
	ENDEREZO:				
	MUNICIPIO:		C.P.:	pROVINCIA:	
	tELÉFONO FIXO/MOVI:				
	NOME PAI/NAI/TITOR		APELIDOS PAI/NAI/TITOR:		
	DNI pAI/NAI/TITOR:				
	Teléfono PAI/NAI/TITOR:				

**DATOS BANCARIOS (no caso de domiciliar o pago)**

NOME E APELIDOS DO TITULAR:

NÚMERO DE CONTA:

**OUTROS DATOS**

Familia numerosa  Si  Non

Núm. de membros da unidade familiar matriculados :

Documentación que se achega:

- Fotocopia do DN
- Certificado de empadramento
- Título de familia numerosa
- Documentación xustificativa de situación de urxencia social (informe e proposta dos servizos sociais do Concello e/ou doutros órganos equivalentes da Comunidade Autónoma)

*Importe	da
matrícula.....€	
*Importe cuota mensual.....€	

\* (A cubrir pola administración)

- Os recibos cargaranse do 1 ao 10 de cada mes

- O alumno/a comprométese a cumprir a normativa interna da Escola municipal de Teatro.

-Unha vez admitido/a deberá formalizar a matrícula no prazo de 10 días achegando unha foto tamaño carne e o xustificante de pago da matrícula.

A Pastoriza, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Firma do alumno/a ou pai/nai/ titor